



NOTA ACLARATORIA SOBRE A ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO (UE) 2023/2831 DA COMISIÓN DO 13 DE DECEMBRO DE 2023 RELATIVO Á APLICACIÓN DOS ARTIGOS 107 E 108 DO TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÓN EUROPEA ÁS AXUDAS DE MINIMIS [DOUE N° 2831 DO 15/12/2023]

No día de hoxe, publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG) a Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2024 en réxime de concorrencia competitiva as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do contract como anticipada de gasto (código de procedemento IN500B). Estas axudas concederanse como axudas de minimis, cuxa regulación cambiou no período de tramitacións das bases reguladoras e a correspondente convocatoria, polo que resulta preciso aclarar a regulación aplicable.

1. Regulación das axudas de minimis contemplada na Resolución de 19 de xaneiro de 2024.

No articulado e disposicións da Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2024 en réxime de concorrencia competitiva as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal de galega e do contract como anticipada de gasto (código de procedemento IN500B), establececese con claridade que son axudas de minimis, isto é, subvencións de baixo importe compatibles co mercado europeo.

- Artigo 19. Resolucións do procedemento (...)
 3. A resolución expresará o carácter de minimis da axuda concedida de conformidade co establecido no Regulamento (UE) n° 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Disposición adicional primeira. Compatibilidade das axudas
 1. O procedemento de concesión destas subvencións quedará suxeito ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos no Regulamento (UE) n° 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1). De acordo co artigo 3.2 de dito Regulamento, o importe total das axudas de minimis concedidas por un Estado membro a unha única



empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

A tramitación da Resolución iniciouse o 2 de novembro de 2023 concluíndo coa aprobación do gasto con data 28/12/2023. Durante este tempo o Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis era o que estaba en vigor, lémbrese que a súa vixencia remataba o 31 decembro de 2023.

2. Regulación actual das axudas de minimis.

No Diario Oficial da Unión Europea de data 15 de decembro de 2023 publicouse o seguinte:

REGULAMENTO (UE) 2023/2831 DA COMISIÓN do 13 de decembre de 2023 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea ás axudas de minimis [DOUE nº 2831 do 15/12/2023].

Contemplando a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2024.

3. Consideración sobre a aplicación do Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión do 13 de decembre de 2023 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis [DOUE nº 2831 do 15/12/2023].

Como é ben coñecido toda norma xurídica pode ser modificada ou derogada por novas normas, o cal é consecuencia da propia esencia do dereito, xa que si este basease na vontade da entidade soberana, esta ten a posibilidade de cambiala en calquera momento.

No suposto que nos ocupa, estas normas consignan o tempo que durará a súa vixencia (*lex ad tempus*), o que deu lugar a que durante a tramitación da Resolución estivera vixente un Regulamento e, concluída a tramitación e aprobada a mesma, estivera vixente un novo Regulamento.

Dado que, os supostos de feito que contempla a Resolución e que determinan a aplicación do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013 persisten na actualidade, e que a aplicación do Regulamento Comunitario que regula as axudas de minimis concretase na resolución de concesión da axuda, no momento no que se comece a ditar as resolucións de concesión de axuda en base á Resolución hoxe publicada, estas resolucións estarán baseadas no **Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión do 13 de decembre de 2023 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis [DOUE nº 2831 do 15/12/2023].**



4. Conclusións.

Primeira: As resolucións de concesión das axudas contempladas na Resolución do 19 de xaneiro de 2024 ditaranse ao abeiro do **Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión do 13 de decembre de 2023 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis [DOUE nº 2831 do 15/12/2023]**, deixando constancia expresa de tal extremo.

Segunda: A aplicación do **Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión do 13 de decembre de 2023 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis [DOUE nº 2831 do 15/12/2023]**, non determinará a modificación da Resolución de 19 de xaneiro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2024 en réxime de concorrencia competitiva as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do contract como anticipada de gasto (código de procedemento IN500B).